PREGUNTAS SOBRE O PROGRAMA BONO DAS PERSOAS AUTÓNOMAS

1. Poden ser beneficiarios da subvención os autónomos que forman parte de Comunidades de Bens, Sociedades Civís ou Sociedades Limitadas?
Unicamente serán beneficiarios os autónomos dados de alta como persoas físicas.

2. Poden considerarse como imaxe e comunicación os gastos publicitarios (gastos en publicidade en radio, impresión logotipos, bolígrafos, etc.)?
Non, unicamente os gastos en servizos de asesoramento para o tratamento da publicidade, é dicir, como deberían canalizar os autónomos o gasto en publicidade segundo o seu tipo de negocio.

3. Algunhas xestorías comentan que os autónomos que están en alta e declaran módulos non xustifican en IRPF a facturación mínima anual de 12.000 €. Nestes casos como xustificarían este apartado?
En principio na orde unicamente se esixe a declaración do IRPF. Entón conforme o art. 21.1.b da orde poderíamos pedir unha declaración xurada do autónomo na que declare que conforme ó sistema de módulos no que se acolle xa presupón unha facturación mínima dos 12.000 euros requiridos na orde.

4. Poden considerarse como gasto os certificados de calidade ISO, QUALITY, etc.?
Non, iso sería un investimento (a propia certificación de calidade). En cambio, sí se subvencionaría o servizo de consultoría sobre avaliación de calidade.

5. Poden considerarse como gasto os cursos de "coaching", vender seguros, etc.?
Os gastos de coaching non son servizos de formación, e o mesmo respecto dos gastos dirixidos á obtención de capacitación nunha actividade concreta, como o enunciado "de vender seguros" non se considerará, pois é un gasto en formación para obter unha cualificación profesional.

6. Poden considerarse como gasto os de desenvolvemento do enderezo electrónico para alguén que se dedica á venda electrónica?
Non, iso sería un gasto de mantemento. Sí entraría o asesoramento ou actividade pertinente que indicara ao autónomo como facer ou levar a cabo esa actividade.

7. Poden considerarse como gasto os de formalización dunha liña de crédito sempre ou soamente aqueles que van destinados a pagos concretos?
Os gastos dos créditos non son subvencionables, o que si que é son os servizos de mellora de financiamento.

8. Poden considerarse como gasto a creación e mellora da páxina web?
En termos xerais temos que entender que non entra ningún gasto realizado a compra de bens ou inmobilizados e sí servizos, estudios, plans, etc.

9. Nos gastos entendemos que entra o IVE. É correcta esta apreciación?
Non, o IVE está excluído.

10. Como se determina a competencia territorial de cada provincia para tramitar e resolver os expedientes, por enderezo fiscal ou pola actividade?. Dise na orde que son beneficiarios os que residan e teñan enderezo fiscal en Galicia. A residencia como se comproba? Co padrón? Co DNI? Co declarado nos anexos?
Polo enderezo fiscal do autónomo.

11. A actividade que desenvolve o autónomo durante 42 meses ten que ser necesariamente a mesma ou puido ter cambiado sen interrupción da alta para ser considerado beneficiario da axuda?. En caso afirmativo, puido ter desenvolvido a dita actividade como membro de S.L.?
O autónomo ten que estar de alta de forma ininterrompida durante 42 meses, podendo ser en varias actividades, incluído como societario, xa que ese período ven referido pola definición de emprendedor establecida na Lei de emprendemento de Galicia.

12. Respecto do anticipo a orde contempla a posibilidade do mesmo, pero non aparecen onde se indica se solicitan ou non anticipo, como ocorre nos centros especiais de emprego?
De acordo co art.18 da orde, non é necesario que o soliciten senón que coa soa presentación da documentación do art. 15, procedemos ao pagamento anticipado da mesma do 100%.